

# X A R D I N

*O máis fermoso xardin esconde unha mentira  
Qué son entón Meu Deus ese vagos amieiros  
mortos quizaves?*

*Eles deitan as súas follas que fican nas ribeiras  
estrelas chiscan os ollos nun ceo mate  
o máis fermoso xardín esconde unha mentira  
gotas de sangue aquí e acolá nas folgueiras  
as abidueiras deslizanse entre nós,  
inquedos, e quizaves tamén si alguén se colgou  
acolá enriba*

*onde o ceo fáise elocuente  
El marcará cando menos un cero.*

**JEAN PIERRE - DUPREY**

— O poeta suicidouse o 2 de outono de 1959, aos vinte e nove anos da súa idade. Rematando de escribir "O fin e a maneira", dixo: "Eu son alérxico ao planeta." Normando, en 1949, él acude a París, a amosarille a Bretón os seus poemas. Este dirálle: "Ti eres certamente un grande poeta, dobrado de outro tipo que me intriga." Algúns teñen citado a Nerval, falando de Duprey: «Un corvo fíxose corporal por unha fenda da noite i as súas azas estouparon en negro por toda parte.» Bernard Noël dixo dél que "escribía sentido beira da morte". Agora adícansele estudos, e aparece nas escolmas.

(Trad. de P. M.)